


## ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS

O proxecto Activistas polo mundo queremos, forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. É un proxecto de Educación en Valores realizado por ONGDs galegas e o seu obxectivo é fomentar un alumnado máis crítico, participativo e corresponsable. Trátase dunha intervención socioeducativa de concienciación sobre as desigualdades globais (pobreza, medioambiente, xénero, migración, etc.) que traballa o coñecemento, as actitudes/valores e as habilidades para exercer comportamentos responsables nas nosas actuacións diarias a través de activismos xuvenís.

En xaneiro de 2021 comezamos no CPI do Toural. Aprendemos o que significa ser unha persoa activista. Na segunda e terceira sesión do proxecto, achegámonos virtualmente ás realidades doutros lugares e tivemos a oportunidade de charlar con Patricia Lamela, unha activista que desde a República Dominicana loita por mellorar as condicións de vida no seu país. Na cuarta sesión falamos de comunicación transformadora e decidimos cal ía ser a nosa causa: a loita feminista e LGTBIQ+, a loita antirracista e contra o discurso do odio ou o activismo medio ambiental e animalista. En marzo e abril investigamos e elaboramos reportaxes radiofónicas para a nosa radio de combate. Na última sesión do proxecto traballamos a contrapublicidade e o ciberactivismo.

Aquí podedes ver unha mostra dos carteis e traballos realizados.



**DESENMASCARANDO ÁS MARCAS...**

Todo o mundo sabe o que é a publicidade. Está por todas partes! Queiramos ou non queiramos, cada día recibimos decenas, centos de impactos publicitarios e sen que nos deamos conta está influenciando a nosa forma de pensar e de mercar!

Na última sesión de Activistas polo Mundo que queremos, os mozos e mozas comprobaron como a publicidade nos seduce para que merquemos moitas cousas que nin precisamos, nin realmente nos serven para nada, contribuíndo deste xeito a cultura do consumismo que tan perxudicial é para o Medio Ambiente e para moitas persoas no mundo.

Como o fan? Apelan directamente ás nosas emocións a través de sons, imaxes e discursos. Véndennos luxo para vender un perfume, aventura para vender un coche, ou o corpo da muller para vender...calquera cousa!

**...CREANDO CONTRAPUBLICIDADE**

Fartos de tantos abusos e mentiras por parte dalgúns anunciantes, algunhas persoas e colectivos deciden facer contrapublicidade.

A contrapublicidade é unha estratexia que pretende denunciar o consumismo, a falta de preocupación pola natureza, o traballo escravo, os estereotipos machistas, homófobos ou racistas que se ven nalgúns anuncios, etc.

Consiste en modificar os anuncios publicitarios co obxectivo de difundir outras ideas máis reivindicativas, normalmente apostas ás orixinais.

Así que as nosas e os nosos activistas puxéronse mans á obra para deseñar e crear carteis contrapublicitarios coas marcas que "peor" lles caen.

Estas son algunhas das súas propostas. A que son xeniais?

**nu-te-la comas**

el aceite de palma es un aceite vegetal refinado e hidrogenado, lleno de grasas saturadas perjudiciales, y sometido a procesos de altas temperaturas para refinarlo, destruyendo sus nutrientes y liberando tóxicos.

abundancia mala salud bucodental riesgo de diabetes enfermedad cardiovascular muchas calorías pocas calorías poco nutritiva

El cultivo masivo de palma para obtener el aceite destruye bosques y con ello flora autóctona y los hábitats de muchas especies.

**JUST BUY IT.**

**ColaCao**

YO SOY AGRIQUE NEGRO DEL AFRICA TROPICAL QUE CULTIVANDO CANTARA "QUE ME VAN A FUSILAR"

Dejando de explotar, muchas vidas podremos salvar.

LAVA OS TEUS PERXUIZOS CON PERLAN



**CONTRAPUBLICIDADE**

**NO EPI DO TOURAL**

SOLO SE PAGA POR LA MARCA

**ELCOSTE**

PARA GENTE CORRIENTE "el cocodrilo" PARA RICOS "LACOSTE"

Es una marca cara por lo tanto este cartel está hecho para decirle lo caro que es.



\*Para fabricar una batería explótese o medio ambiente, as baterías contem un 70% de minerais que se extraen das minas de Noibio. Tamén explótese a os menos nalgúns países.



Contrapublicidade

**RED BULL TE DA AAALAS.**



**¡Y PROBLEMAS DE SALUD!**



Achegarse ao mundo da cooperación internacional, ao abismo de desigualdade que existe entre o Norte e o Sur, ás problemáticas sociais da nosa contorna, pero sobre todo fomentar no alumnado a súa **corresponsabilidade** en crear un mundo mellor e o **seu papel transformador** para acadar unha sociedade máis xusta para todas e todos, foron algúns dos obxectivos marcados para os obradoiros do proxecto “Activistas polo mundo que queremos”.

## PROGRAMAS RADIOFÓNICOS

Premendo nas segunites ligazóns poderedes escoitar os programas de radio



**Programa de RADIO dende O Toural 2º ESO B**

[https://www.ivoox.com/programa-final-dende-o-toural-2-b-audios-mp3\\_rf\\_68063496\\_1.html](https://www.ivoox.com/programa-final-dende-o-toural-2-b-audios-mp3_rf_68063496_1.html)



**Programa de RADIO dende O Toural 2º ESO A**

[https://www.ivoox.com/programa-final-dende-o-toural-2-a-audios-mp3\\_rf\\_68063404\\_1.html](https://www.ivoox.com/programa-final-dende-o-toural-2-a-audios-mp3_rf_68063404_1.html)

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/omundoquequeremos>

INSTAGRAM: <https://www.instagram.com/omundoquequeremos/>